

IES "ISAAC DÍAZ PARDO" - SADA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO Educación Física

Curso 2022/23

O presente documento contén o desenvolvemento do currículo establecido de cada materia asignada ao Departamento didáctico no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23. e a ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde de 20 de maio de 2022

Índice de contenido

Educación Física 2º, 4º ESO e 2º BACH	5
a) Introducción e contextualización.....	5
a) Introducción e contextualización.....	5
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....	8
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....	8
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	9
c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....	11
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:.....	14
2º de ESO	15
CONTIDOS DETALLADOS 2º ESO.....	22
4º de ESO	24
4º de ESO	24
CONTIDOS DETALLADOS 4º ESO.....	31
e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	33
f) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar.....	34
g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	36
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	42
i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	42
j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	42
k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	42
L) Medidas de atención á diversidade.....	43
m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán	44
n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.....	45
o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	46
1 – Xustificación da inclusión da materia de E.F en 2º de BACHARELATO. na oferta do centro.....	47
2 -Profesorado que a impartirá no ano académico 2022/23:.....	49
3 – Currículo da materia	49
A / Introducción	49
B /Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	51
C/ Concreción dos obxectivos para o curso.....	53

D) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:.....	55
E) Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	57
G) Criterios específicos sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	58
H) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	62
I / Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	62
J) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	62
K) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	62
L) Medidas de atención á diversidade.....	63
M / Concreción dos elementos transversais que se traballarán.....	63
N / Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico	63
O) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellor.....	64
.....	64
REFERENCIAS LEGAIS.-.....	65
ANEXO : AVALIACIÓN FINAL NA ESO E EXTRAORDINARIA NO BACHARELATO	67

Educación Física 2º, 4º ESO e 2º BACH

a) Introducción e contextualización

Este curso 2022 – 2023 ven marcado pola volta á normalidade, tan desexada na sociedade e tan atractiva cara ao desenvolvemento da nosa materai e o alcance dos obxectivos prácticos

Na actualidade, o plantexamento xeral da área de Educación Física dentro do ámbito educativo recoñece o corpo e o movemento como eixos básicos da acción educativa, de tal xeito que os alumnos e alumnas cheguen a integrar o corpo, o movemento e o xesto e valoren o papel que desempeñan na expresión de sentimentos e ideas. Esta área pretende ofrecer ao alumnado un amplo soporte de actividades corporais e deportivas, de tal xeito que poida escoller as máis convenientes para o seu desenvolvemento persoal.

O fomento da autonomía persoal, tanto no traballo coma na organización do mesmo, e un aspecto que queremos fomentar ao longo das dúas etapas do ensino que tratamos. Isto supón un reto pola chegada de alumnos de outros centros da zona, con un nivel de consecución de obxectivos diferente aos nosos no que se refire ao seu grado de autonomía persoal e logro da competencia motriz.

A Educación Física ten como finalidade principal que os alumnos e as alumnas alcancen a competencia motriz, que permite que o alumnado supere os problemas motores propostos tanto nas sesión de Educación Física como na súa vida cotiá; procurando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e as emocións que se vinculan á conduta motora.

A competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas. O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con grande influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

O presente currículo de Educación Física mantén a coherencia e a homoxeneidade coa etapa de educación primaria e os Bloques de traballo marcados pola Consellería, entendendo a materia como un continuo, tanto nos seus contidos como nas aprendizaxes que debe conseguir o alumnado ao longo de todas as etapas do sistema educativo.

O alumnado utilizará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades. Isto implica mobilizar toda unha serie de coñecementos, habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino e aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permita adaptar a conduta motriz a diferentes ámbitos, conseguindo que o alumnado sexa un suxeito activo, responsable da xestión do seu estilo de vida saudable.

Nestas etapas educativas, a Educación Física debe permitir incrementar e mellorar o seu compromiso motor, sempre adecuado ás súas posibilidades, e desenvolver as habilidades motrices específicas con complexidade crecente á medida que se progresa nos sucesivos cursos.

As propias actividades axudarán, ademais, a desenvolver a relación coas demais persoas, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas relativas ás capacidades psicofísicas entre as rapazas e os rapaces, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do

esfuerzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual. Estes valores e relacións son as que mais van sufrir ca pandemia.

Educación Física, terá como fin estratéxico introducir o alumnado cara a práctica de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, nas que poida manter un papel de practicante activo ao longo da súa vida, tendo en conta as novas formas de prácticas motrices que xorden na sociedade actual, moitas delas vinculadas ao contorno próximo do alumnado pola motivación intrínseca que representan.

As propostas didácticas deben incorporar a reflexión e a análise dos procesos de ensino e aprendizaxe, co fin de facilitar estratexias de transferencia dos coñecementos a outras situacións.

Para facilitar a concreción curricular de Educación Física establécense dez criterios de avaliación para o primeiro ciclo da ESO, que abrangue os tres primeiros cursos, doce para o cuarto curso da ESO e nove para o primeiro curso de bacharelato, criterios que establecen os resultados que se deben conseguir por medio dos estándares de aprendizaxe. Estes permitirán definir os resultados das aprendizaxes e concretarán, mediante accións, o que o alumnado debe saber e saber facer na materia de Educación Física. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo de todas as etapas e, unha vez finalizadas estas, todos eles deberán estar alcanzados e consolidados.

Os contidos preséntanse distribuídos en catro grandes bloques:

- Bloque 1. Contidos comúns.
- Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas.
- Bloque 3. Actividade física e saúde.
- Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas.

Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaránse ao longo do curso de xeito integrado cos contidos do resto dos bloques, dado que trata aspectos como a construción das fases dunha sesión, a prevención de riscos e os primeiros auxilios, a participación nas actividades físicas independentemente do propio nivel de execución, a resolución de conflitos mediante o diálogo e a aceptación das regras establecidas, as posibilidades que presentan as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno, o control de riscos, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e dos espazos, e a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

O bloque segundo trata os contidos que teñen que ver coa interpretación e a execución de accións motrices, utilizando técnicas de expresión corporal, baile, danzas e outros recursos artísticos expresivos.

O terceiro bloque inclúe todos os aspectos relacionados coa saúde que se poden abordar desde a práctica da actividade física, segundo as recomendacións de diversos organismos de ámbito internacional, estatal e autonómico. Este Bloque será moi importante de por sí e de cara a unha posible volta ao ensino non presencial ou semipresencial, de xeito que o alumnado poida no caso de necesitalo desenvolver unha actividade física baixo uns parámetros saudables no seu domicilio e sen material ou material alternativo presente en tódolos domicilios

No bloque dos xogos e as actividades deportivas tamén están incluídos todos os tipos de actividades físico-deportivas desenvolvidas no medio natural. Neste curso trataremos de recuperar as prácticas colectivas de interrelación na lóxica interna dos deportes.

Todos os contidos e estándares trataranse ao longo de todo o curso, repartidos nas Uds de cada un dos cursos.

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O Instituto de Ensino Secundario Isaac Díaz Pardo é un centro público localizado en Sada - A Coruña. A meirande parte do alumnado procede do C.E.I.P. de Mosteirón, e do CPI de Bergondo. No actual curso académico 2022 – 23 hai un total de 21 grupos de alumnos/as tendo todos eles dúas sesións á semana da asignatura de Educación Física, e dúas horas de Actividade física en 2º Bach. sendo a súa distribución a que se observa no cadro seguinte:

GRUPOS CURSOS

1º ESO	4
2º ESO	4
3º ESO	4
4º ESO	3
1º BACH	3
2º BACH	3

O alumnado pertence a área do Concello de Sada, a súa procedencia e moi variada cun nivel de coñecementos na área de E. F. moi heteroxéneo.

O departamento ten 3 profesores, especialistas en Educación Física

Profesores	Cursos
José Antonio Portos Mato (XD)	2º E.S.O. E 1º BACH (4 e 3 grupos por curso)
Beatriz González Senín	1º ESO (1 grupos) 3º ESO (4 grupos) , 4º ESO (3 grupos) e 2º BACH (2 grupos)
Santiago Vázquez Vázquez	1º ESO (3grupos)

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A Educación Física ten como finalidade principal que os alumnos e as alumnas alcancen a competencia motriz, que permite que o alumnado supere os problemas motores propostos tanto nas sesións de Educación Física como na súa vida cotiá; procurando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e as emocións que se vinculan á conduta motora.

A competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas. O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con grande influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

A materia de educación física contribúe de xeito directo á consecución das competencias claves que para os efectos do decreto, serán as seguintes:

- * Comunicación lingüística (CCL).
- * Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- * Competencia dixital (CD).
- * Aprender a aprender (CAA).
- * Competencias sociais e cívicas (CSC).
- * Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- * Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Para nos é fundamental a:

- * Competencia Motriz

A Educación Física contribúe ao coñecemento do propio corpo e as respostas motoras segundo o entorno que nos rodea. Asemade, o feito de realizar actividades na natureza esixe o coñecemento dese medio de tal xeito que a interacción resulte un éxito. Neste senso, e desde a nosa materia, ponemos ao alumnado en situacións que supoñan un coñecemento progresivo das súas características e do entorno, de tal xeito que sexan capaces de dar a resposta máis axeitada a cada situación, adaptándose as súas características individuais e integrais no grupo. En segundo lugar, o feito de ter que participar en xogos e deportes ou outras actividades ben de confrontación ou de colaboración, supón o coñecemento dunhas normas e regras e o seu respecto. Isto é básico para a formación de cidadáns responsábeis, capaces de entender e/ou modificar as normas e chegar a acordos para o ben do grupo e de tal xeito que a actividade sexa un éxito. Na medida en que o alumnado sexa capaz de coñecerse a sí mesmo, adoptar distintas respostas motoras segundo as esixencias do entorno, traballar en equipo respectando as cualidades dos demais e as normas establecidas e tamén aplicando todo o aprendido para resolver novas situacións, teremos un alumnado crítico, autónomo e con iniciativa persoal.

O alumnado utilizará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades. Isto implica mobilizar toda unha serie de coñecementos, habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino e aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permita adaptar a conduta motriz a diferentes ámbitos, conseguindo que o alumnado sexa un suxeito activo, responsable da xestión do seu estilo de vida saudable.

O deporte e a actividade física foi variando ao longo da historia e ten moito que ver cunha sociedade concreta. O alumnado terá que ser capaz de interpretar en que sociedade está a desenvolverse e tamén ter unha actitude crítica de cara aos estereotipos e a todo o que rodea o chamado deporte-espectáculo. Trátase de formar persoas activas, capaces de quedarse con aquilo que de positivo teña a actividade física tanto a nivel persoal como social.

Tamén contribúe dunha forma xeral a competencia en comunicación lingüística e a competencia para aprender a aprender.

Non soamente se emprega nesta materia a linguaxe verbal se non a comunicación a través do corpo, en toda a súa vertente expresiva. O alumnado apreñe así a observar as contradicións existentes entre a linguaxe verbal e non verbal e a expresar os seus sentimentos, emocións...en definitiva a comunicarse empregando distintos códigos. Pero sempre hai que ter en conta que o obxectivo final é educar alumnos e alumnas que saiban aplicar os contidos aprendidos para resolver novas situacións ou, o que é o mesmo, aprender a aprender.

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

Imos desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

A Educación Física, tanto na etapa de ESO coma no bacharelato, terá como fin estratéxico introducir o alumnado cara a práctica de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, nas que poida manter un papel de practicante activo ao longo da súa vida, tendo en conta as novas formas de prácticas motrices que xorden na sociedade actual, moitas delas vinculadas ao contorno próximo do alumnado pola motivación intrínseca que representan.

Cómpre salientar os xogos e os deportes tradicionais galegos, que, xunto coas danzas e os bailes propios de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural, ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

O ensino da educación física nestas etapas terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Coñecer os trazos que definen unha actividade física saudable e os efectos beneficiosos que esta ten para a saúde individual e colectiva.
2. Coñecer e aceptar as capacidades propias, asumilas e integralas no ámbito da vida cotidia.
3. Valorar a práctica habitual e sistemática de actividades físicas como medio para mellorar as condicións de saúde e a calidade de vida.
4. Coñecer e consolidar hábitos saudables, técnicas básicas de respiración e relaxación como medio para reducir desequilibrios e aliviar tensións producidas na vida cotia e na práctica físico-deportiva
5. Realizar tarefas dirixidas ao incremento das posibilidades de rendemento motor, á mellora da condición física para a saúde e ao perfeccionamento das funcións de axuste, dominio e control corporal, adoptando unha actitude de autoexixencia na súa execución.
6. Realizar actividades físico-deportivas no medio natural que teñan baixo impacto ambiental, contribuindo á súa conservación
7. Planificar actividades que permitan satisfacer as necesidades en relación coas capacidades físicas e habilidades específicas a partir da valoración do nivel inicial.
8. Coñecer e realizar actividades deportivas e recreativas individuais e colectivas aplicando os fundamentos regulamentarios, técnicos e tácticos en situacións de xogo, con progresiva

autonomía na súa execución.

9. Amosar habilidades e actitudes sociais de respecto, de traballo en equipo e de deportividade na participación en actividades, xogos e deportes, independentemente das diferenzas de xénero, culturais, sociais e de habilidade.
10. Practicar e deseñar actividades expresivas con ou sen base musical, utilizando o corpo como medio de comunicación e expresión creativa.
11. Adoptar unha actitude crítica ante o tratamento do corpo, a actividade física e o deporte no contexto social.

Hai que ter en conta a acción preventiva e potenciadora da actividade física ante os diversos problemas do deterioro e da mellora da motricidade dos nosos alumnos.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- 1. Temporalización**
- 2. Grao mínimo de consecución para superar a materia**
- 3. Procedementos e instrumentos de avaliación**

Para 2º ESO 4º ESO

2º de ESO

Educación Física. 2º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Mínimos exixibles	Procedementos e instrumentos de avaliaciónsi
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ m ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Fases de activación e recuperación na práctica da actividade física de carácter xeral e específica, en función da actividade que se realice realizar. ▪ B1.2. Selección e execución de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1.Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os contidos e estándares trataranse ao longo de todo o curso, repartidos en función das necesidades do curso e do desenrolo da pandemia, a sua evolución e se hay que traballar dende a casa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ si 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación indirecta a través do diario de clase, utilizando o rexistro anecdótico, valórase os estándares referidos a actitude e valores. (Utilizados como indicadores de logro) acumulando na ficha persoal positivos ou negativos. Adicionalmente poderase incrementar a cualificación asistindo ás actividades extraescolares propostas dende o departamento e que teñan vinculación coa materia a tratar na materia. ▪ Os estándares vinculados cos conceptos avaliaranse a través de traballos o probas teóricas ▪ Entrega puntual e a realización do traballo desenvolvido na casa no caso non presencial ou semipresencial
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ si 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ si 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ n ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ l ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Respeto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados. ▪ B1.4. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural. ▪ B1.5. Aceptación do propio nivel de execución e o das 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando elas e aceptando as súas achegas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os contidos e estándares trataranse ao longo de todo o curso, repartidos en función das necesidades do curso e do desenrolo da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ si 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ si 	

Educación Física. 2º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Mínimos exixibles	Procedementos e instrumentos de avaliacións
	demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.		<ul style="list-style-type: none"> EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	pandemia, a súa evolución e se hay que traballar dende a casa.	<ul style="list-style-type: none"> si 	
<ul style="list-style-type: none"> m a c d g l ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico-deportivas e recreativas. B1.7. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural. B1.8. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable. B1.9. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC 		<ul style="list-style-type: none"> 	
			<ul style="list-style-type: none"> EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC 		<ul style="list-style-type: none"> si 	
			<ul style="list-style-type: none"> EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC 		<ul style="list-style-type: none"> si 	
<ul style="list-style-type: none"> m n g 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas. B1.11. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios. B1.12. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas. EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CSC 		<ul style="list-style-type: none"> si 	
					<ul style="list-style-type: none"> Pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso de xeito integrado cos 	<ul style="list-style-type: none"> si 	

Educación Física. 2º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Mínimos exixibles	Procedementos e instrumentos de avaliacións
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<p>contidos do resto dos bloques</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ si 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ g ▪ e ▪ b ▪ m ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde. ▪ B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. ▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os contidos e estándares trataranse ao longo de todo o curso, repartidos en función das necesidades do curso e do desenrolo da pandemia, a súa evolución e se hay que traballar dende a casa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ si 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballos teóricos en soporte dixital e exposicións
Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ m ▪ b ▪ g ▪ l ▪ d ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade. ▪ B2.2. Creatividade e improvisación nas actividades artístico- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade. ▪ EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os contidos e estándares trataranse ao longo da 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ si 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valorarase o traballo e implicación nas sesións como indicadores de logro mediante un rexistro anecdótico e unha proba práctica onde se recollan os estándares de referencia, na rúbrica correspondente

Educación Física. 2º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Mínimos exixibles	Procedementos e instrumentos de avaliacións
	expresivas de xeito individual. ▪ B2.3. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular.		▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras. ▪ EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.	▪ CCEC ▪ CCEC		▪ ▪	
Bloque 3. Actividade física e saúde							
▪ m ▪ f ▪ b ▪ g	▪ B3.1. Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo. ▪ B3.2. Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación. ▪ B3.3. Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva. ▪ B3.4. Control da intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca. ▪ B3.5. Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde. ▪ B3.6. A actividade física e o seu efecto sobre a saúde.	▪ B3.1. Recoñecer os factores básicos que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, e aplicalos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.	▪ EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo. ▪ EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde. ▪ EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva. ▪ EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.	▪ CMCCT ▪ CMCCT ▪ CMCCT ▪ CMCCT	▪ Todos os contidos e estándares trataranse ao longo de todo o curso, repartidos en función das necesidades do curso e do desenrolo da pandemia, a súa evolución e se hay que traballar dende a casa.	▪ si ▪ si ▪ ▪ si	▪ Bateria de probas físicas para os estándares relacionados coa parte procedimental ademias do rexistro anecdótico cara a comprobación do achegamento aos estándares que manifesten unha progresión na súa consecución (baremos expostos na aula) ▪ Traballos teóricos para os estándares relacionados cos conceptos. ▪ Rexistro anecdótico dende unha observación indirecta para aqueles estándares que presenten unha condición de evolución ou seguimento ▪ Entrega puntual e a realización do traballo desenvolvido na casa no caso non presencial ou semipresencial

Educación Física. 2º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Mínimos exixibles	Procedementos e instrumentos de avaliaciónsi
	Criterios de selección de actividades para a realización dun plan de mellora da saúde.		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física. ▪ EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CMCCT ▪ CSC 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ si ▪ ai 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ g ▪ f ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde. ▪ B3.8. Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta, tendo en conta as súas características individuais. ▪ B3.9. Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas. ▪ B3.10. Actividade física habitual e outros hábitos de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Desenvolver as capacidades físicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. ▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. ▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CAA ▪ CAA ▪ CSIEE 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ si ▪ si 	

Educación Física. 2º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Mínimos exixibles	Procedementos e instrumentos de avaliaciónsi
	vida saudables, e o seu efecto sobre a calidade de vida.		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ si 	
Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Execución e avaliación de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos. ▪ B4.2. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais. ▪ B4.3. Adquisición de técnicas de progresión e orientación no medio natural, a súa aplicación en diferentes contornos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións adaptadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas. ▪ EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado. ▪ EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados. ▪ EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os contidos e estándares trataranse ao longo de todo o curso, repartidos en función das necesidades do curso e do desenrolo da pandemia, a súa evolución e se hay que traballar dende a casa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ si 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Batería de probas físicas prácticas vinculadas a situacións motoras referidas as fundamentos técnicos e as habilidades específicas (Xogo e exercicios técnicos específicos) (probas e criterios expostos na aula) Durante este curso trataranse só aspectos técnicos individuais e de regulamento ▪ Traballos teóricos para a comprobación da consecución dos estándares de carácter conceptual ▪ Valoración utilizando o rexistro anecdótico dos estándares do aspecto actitudinal do traballo do alumno, baseado na observación
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 			
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ si 			
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ si 			

Educación Física. 2º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Mínimos exixibles	Procedementos e instrumentos de avaliaciónsi
			<ul style="list-style-type: none"> EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> Todos os contidos e estándares trataranse ao longo de todo o curso, repartidos en función das necesidades do curso e do desenrolo da pandemia, a sua evolución e se hay que traballar dende a casa. 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> Fichas de campo Valoración do traballo nas saídas e sesións
<ul style="list-style-type: none"> a b d g m 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas facilitadas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situacións, respectando os regulamentos específicos. B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitadas, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos máis relevantes. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> Todos os contidos e estándares trataranse ao longo de todo o curso, repartidos en función das necesidades do curso e do desenrolo da pandemia, a sua evolución e se hay que traballar dende a casa. 	<ul style="list-style-type: none"> si 	<ul style="list-style-type: none"> Batería de probas físicas axustadas aos contidos das prácticas deportivas(probas e criterios expostos na aula) Traballos teóricos Valoración utilizando o rexistro anecdótico,dos estándares do aspecto actitudinal ou evolutivodo traballo do alumno,
			<ul style="list-style-type: none"> EFB4.2.2. Describe simplifadamente e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE 		<ul style="list-style-type: none"> si 	
			<ul style="list-style-type: none"> EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE 		<ul style="list-style-type: none"> 	

Educación Física. 2º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Mínimos exigibles	Procedementos e instrumentos de avaliaciónsi
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	

CONTIDOS DETALLADOS 2º ESO

Actividade física e saúde

- Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo.
- Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva.
- Control da intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca.
- Capacidades físico e psico-motrices implicadas: resistencia, forza e flexibilidade.
- Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a súa mellora, tendo en conta as súas características individuais.
- Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas.

2. Os xogos e as actividades deportivas

- Habilidades específicas en deportes colectivos de forma xeral. Modelos técnicos e adaptación ás características propias.
- Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

A avaliación inicial terá lugar durante as dúas primeiras semanas do curso dependendo da periodicidade das sesións e data do comenzo

L) Medidas de atención á diversidade

Dada as características da asignatura, a progresión do alumno segunda suas capacidades, é parte dos criterios a avaliar, polo que a atención a diversidade basease

nese concepto. No caso de alumnos que necesiten algún tipo de adaptación curricular, será o departamento o responsable de facela especificamente para cada caso despois do informe de departamento de orientación.

Atendendo á **Orden de 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula á **atención á diversidade** do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de **Galicia**, lembrese que os programas de reforzo que fixeran falta e axustados as necesidades individuais de cada quen, logo de aplicar o artigo 48 de dita Orde, serían impartidos polo seu profesor no curso no que estén ou o profesor de apoio do mesmo departamento, como complemento e base para a superación do devandito curso. Neste curso non será posible esta última medida xa que non está contemplado no horario do Departamento

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. Facendo fincaxe na prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeo como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. Fomentaránse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor,

respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico

Dadas as circunstancias do curso non prevemos facer actividades extraescolares

Se a situación sanitaria e social mellorase poderíase solicitar a inclusión dalgunha actividade complementaria puntual , obviamente pasando polo Consello Escolar. As actividades complementarias quedarán un pouco no aire ao non ter clara os requisitos organizativos para as mesmas pero tentaremos se e posible cara a final de curso facer algunha saída ao entorno natural:

- 2º ESO sendeirismo
- 4º ESO Actividade no mar ou no río
- 2º BACH actividades náuticas no mar ou no río

o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoevaluación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado no aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller mellóralas no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MEXORAR...	PROPOSTAS DE MEXORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenrolo dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contenidos da unidade			
Descriptoros e desempeños competencias			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridad nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Interdisciplinariade			

1 – Xustificación da inclusión da materia de E.F en 2º de BACHARELATO na oferta do centro

Dende hai tempo é unha reclamación continua tanto de alumnos como dos profesores, a inclusión da materia de Educación Física en 2º de Bacharelato. As razóns son moitas, incluso con recomendacións da Unión Europea e a OMS, pero desde o noso punto de vista, hai dúas razóns fundamentais que fan indispensable esta materia neste curso:

1 - Primeiro e fundamental, resaltar que o Grado en Ciencias da Actividade Física e do deporte e as súas diferentes titulacións, son os únicos estudos que non teñen unha materia que os represente en 2º de Bacharelato. Moitos alumnos do noso centro atópanse cada curso co mesmo problema: non poden prepararse para as probas de acceso e non levan unha base específica para comezar a cursar o Grado con garantías.

Queremos resaltar un dos principios xerais do bacharelato:

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior

Por todo isto, é importante para nós, como centro, que se inclúa a materia de Educación Física como materia do segundo curso de Bacharelato. Isto permitiría ao alumnado orientarse, como unha opción máis, cara a estudos de FP, Ensinos Deportivos de Réxime Especial, así como ao Grado Universitario de Ciencias da Actividade Física e o Deporte, moi solicitados neste centro.

2 - En segundo lugar, e imprescindible ter en conta as características especiais do curso de 2º de Bacharelato. O alumno ten unha gran carga de traballo que lle obriga a estar moitas horas sentados e hai unha enorme tendencia a descoidar calquera outra faceta que nos sexa o estudo. Á falta dunha rutina deportiva e o pouco compromiso social e familiar para co deporte, unimos neste curso a imperiosa necesidade de dedicar moitas horas ao estudo, tanto dentro como fora do aula. Se ademais temos en conta o forte stres ao que están sometidos os alumnos durante este curso, atopámonos cunha nefasta combinación para a súa saúde

O sedentarismo estase a incrementar dende hai anos, desgraciadamente na nosa mocidade . As horas de estudo e lecer sedentario son as que máis inflúen no incremento do risco cardiovascular .A carencia de exercicio físico reforzouse a consecuencia da cantidade de horas que os nenos pasan sentados e por iso equilibrar os contidos do curso.

Queremos promover a actividade física como medio para compensar as longas horas de estudo e incentivar o xogo ao aire libre para coidar a saúde física e emocional Ao mesmo tempo, fomentar a responsabilidade individual no mantemento e mellora da calidade de vida. Por todo isto creemos fundamental incluír esta materia no currículo de 2º de Bacharelato como unha *materia de duas horas*

2 -Profesorado que a impartirá no ano académico 2022/23:

Durante o curso 2022/23 a materia será impartida por Beatriz González Senín

3 – Currículo da materia

A / Introducción

Na actualidade, o plantexamento xeral da área de Educación Física dentro do ámbito educativo recoñece o corpo e o movemento como eixes básicos da acción educativa, de tal xeito que os alumnos e alumnas cheguen a integrar o corpo, o movemento e o xesto e valoren o papel que desempeñan na expresión de sentimentos e ideas. Esta área pretende ofrecer ao alumnado un amplo abano de actividades corporais e deportivas, de tal xeito que poida escoller as máis convenientes para o seu desenvolvemento persoal, sen perder de vista o ámbito profesional, cada vez mais importante como unha necesidade da sociedade.

A Educación Física ten como finalidade principal que os alumnos e as alumnas alcancen a competencia motriz, que permita superar os problemas motores propostos tanto nas sesións de Educación Física como na súa vida cotiá; no curso de 2º de bach., é importante que sexa coherente coa problemática real do curso. Como xa se recolle na programación xeral da materia queremos facer constar a importancia da competencia motriz, fundamental para o desenvolvemento da demais.

No bacharelato o alumnado utilizará o seu potencial motor a o tempo que desenvolve todas as súas capacidades. Isto implica mobilizar toda unha serie de coñecementos, habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións, nas que a experiencia individual e colectiva permita adaptar a conduta motriz, conseguindo que o alumnado sexa un suxeito activo, responsable da xestión do seu estilo de vida saudable

Esta materia do bacharelato, terá como finalidade introducir o alumnado na práctica de actividades físico-deportivas nas que poida manter un papel de practicante activo ao longo da súa vida. A materia en conta as novas formas de prácticas motrices que xorden na

sociedade actual, moitas delas vinculadas ao contorno próximo do alumnado pola motivación intrínseca que representan, e que dan paso aos aspectos profesionais da materia.

O presente currículo de Educación Física mantén a coherencia e a homoxeneidade coas etapas anteriores, entendendo a materia como un continuo pero, dadas as características especiais deste curso e as suas variables, e, tendo en conta a novidade da materia en 2º de bach., modifícanse sustancialmente os **contidos**, que presentaranse distribuídos en dous grandes bloques de carácter transversal que traballarán ao longo do curso de xeito integrado.

Bloque 1 ----- Saídas profesionais no ámbito da Actividade Física

Bloque 2 ----- Actividade física para a saúde e o ocio

No bloque 1 veránse os aspectos de saídas profesionais; isto permitiría ao alumno orientarse, cara a estudos de FP, Ensinos Deportivos de Réxime Especial, así como ao Grado Universitario de Ciencias da Actividade Física e o Deporte, moi solicitados neste centro. Deste xeito, prepararánse para as probas de acceso ao INEF e levarán unha base específica para comezar o Grado con garantías.

No Bloque 2 veránse as posibilidades que presentan as actividades físico-deportivas como forma de lecer activo e os aspectos relacionados coa saúde que se poden abordar dende a práctica da actividade física, segundo as recomendacións de diversos organismos de ámbito internacional, estatal e autonómico. Inclúiranse aquí os xogos e as actividades deportivas, dun xeito lúdico.

Para facilitar a concreción curricular de Educación Física establécense 7 criterios de avaliación básicos, criterios que establecen os resultados que se deben conseguir mediante os estándares de aprendizaxe. (Punto C)

B /Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A Educación Física ten como finalidade principal co alumnado alcance a competencia motriz, e no curso de 2º de bach., é importante que sexa coherente coa problemática real do curso. Como xa se recolle na programación xeral da materia queremos facer constar a importancia da competencia motriz, como fundamental para o desenvolvemento da demais

A materia de educación física contribúe de xeito directo á consecución das competencias básicas que para os efectos do decreto, serán as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Para nos e fundamental a:

Competencia Motriz

A Educación Física contribúe ao coñecemento do propio corpo e as respostas motoras segundo o entorno que nos rodea. Neste senso, e desde a nosa materia, poñeremos ao alumnado en situacións que supoñan un coñecemento progresivo das súas características e do entorno, de tal xeito que sexan capaces de dar a resposta máis axeitada a cada situación, .En segundo lugar, o feito de ter que participar en xogos e deportes ou outras actividades ben de confrontación ou de colaboración, supón o coñecemento dunhas normas e regras e o seu respecto. Na medida en que o alumnado sexa capaz de coñecerse a si mesmo, adoptar distintas respostas motoras segundo as esixencias do entorno, traballar en equipo respectando as cualidades dos demais e as normas establecidas e tamén aplicando todo o aprendido para resolver novas situación, teremos un alumnado crítico, autónomo e con iniciativa persoal.

O deporte e a actividade física foi variando ao longo da historia e ten moito que ver cunha sociedade concreta. O alumnado terá que ser capaz de interpretar en que sociedade está a desenvolverse e tamén ter unha actitude crítica de cara aos estereotipos e a todo o que rodea o chamado deporte-espectáculo. Trátase de formar persoas activas, capaces de quedarse con aquilo que de positivo teña a actividade física tanto a nivel persoal como social.

Tamén contribúe dunha forma xeral a competencia en comunicación lingüística e a competencia para aprender a aprender.

Non soamente se emprega nesta materia a linguaxe verbal se non a comunicación a través do corpo, en toda a súa vertente expresiva. O alumnado aprende así a observar as contradicións existentes entre a linguaxe verbal e non verbal e a expresar os seus sentimentos, emocións. en definitiva a comunicarse empregando distintos códigos.

C/ Concreción dos obxectivos para o curso

Unha vez acadados a maioría dos obxectivos xerais de etapa, (pero sen esquecerlos), nesta materia específica do 2º de Bacharelato, imos concretar algúns deles facendo fincapé nestes dous obxectivos de etapa:

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora

ñ) Utilizar a Educación Física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, impulsar conductas e hábitos saudables

Para concretar estes obxectivos de etapa en concreto, imos desenvolver os seguintes criterios:

1. Coñecer e valorar os efectos positivos da práctica regular da actividade física no desenvolvemento persoal e social, facilitando mellóraa da saúde e a calidade de vida.
2. Elaborar e poñer en práctica un programa de actividade física e saúde, incrementando as calidades físicas implicadas, a partir da avaliación do estado inicial. Mantemento da condición física nun ámbito de vida sedentario.
3. Organizar e participar en actividades físicas como recurso para ocupar o tempo libre e de lecer, valorando os aspectos sociais e culturais que levan asociadas.
4. Resolver situacións motrices deportivas, dando prioridade a tóma de decisións e utilizando elementos técnicos apresos na etapa anterior.
5. Realizar actividades físico-deportivas no medio natural, demostrando actitudes que contribúan á súa conservación.

6. Adoptar unha actitude crítica ante as prácticas sociais que teñen efectos negativos para a saúde individual e colectiva. Hai que ter en conta a acción preventiva da actividade física ante os diversos problemas do deterioro da motricidade dos nosos alumnos. Estes deterioros tales como a obesidade, tabaco, alcohol, estres, etc., levan unha dexeneración do funcionamento do aparello cardiovascular e trastornos no equilibrio corporal

7. Adquirir as destrezas necesarias para acceder ás saídas profesionais relacionadas coa actividade física e o deporte, para ofrecer orientacións sobre futuros estudos especialistas na materia

D) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- **Temporalización:**
- A materia está pensada para **dúas horas semanais** e pola súa natureza transversal, amolos dous bloques traballarase ao longo do curso de xeito integrado sendo as sesións do bloque 2 un 60% e o bloque 1 un 40%, **como dato orientativo xa que esta porcentaxe pode ser modificada logo da enquisa de interese de principio de curso**. De calquer xeito, todos os contidos e estándares trataranse ao longo de todo o curso, repartidos en función das necesidades do curso e do desenrolo da pandemia, a súa evolución e se hai que traballar dende a casa.
- **Grao mínimo de consecución para superar a materia**
- **Procedementos e instrumentos de avaliación**

Educación física: Actividade física e calidade de vida 2º Bacharelato						
obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Procedementos e instrumentos de avaliacións
Saídas profesionais no ámbito da Actividade Física						
M Ñ A B C P	Saídas profesionais., Probas acceso ao INEF Coñecementos teóricos cara a os estudos superiores + Fisioloxía do exercicio + Planificación da condición física + Os sistemas de adestramento	1.Adquirir as destrezas motrices necesarias para acceder ás saídas profesionais relacionadas coa actividade física e o deporte, para ofrecer orientacións sobre futuros estudos especialistas na materia 2. Adquirir as destrezas teóricas necesarias para acceder ás saídas profesionais relacionadas coa actividade física e o deporte necesarias para cumprir cos futuros estudos 3. . Elaborar e poñer en práctica un programa de actividade física e saúde, incrementando as calidades físicas implicadas, a partir da <u>avaliación do estado inicial</u>	1.1 Coñece as posibilidades profesionais futuras, e domina as probas de acceso 1.2 Traballo específico para o dominio das probas de acceso 1.3 Domina teórico dos contidos fundamentais da materia	CSC CSIEE CSIEE CM	si	1. Batería de probas físicas baseadas nas de acceso ao INEF de Galicia 2. Controis ou traballos teóricos 3. Valoración diaria utilizando o rexistro anecdótico, dos estándares no aspecto actitudinal do traballo do alumno, e súa implicación na actividade como consecución dos hábitos saudables 4-Batería de probas físicas vinculadas a situacións motoras referidas as fundamentos técnicos / tácticos e as habilidades específicas (Xogo e exercicios técnicos/tácticos específicos) realizadas e valoradas diariamente Valoración utilizando o rexistro anecdótico, dos estándares do aspecto
Actividade física para a saúde e o ocio						

Educación física: Actividade física e calidade de vida 2º Bacharelato						
obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo esixible	Procedementos e instrumentos de avaliacións
	Actividade física como recurso de lecer activo: efectos sobre a saúde e como fenómeno sociocultural. (Actividade dos ximnasiaos)	<p>1. Coñecer e valorar os efectos positivos da práctica regular da actividade física no desenvolvemento persoal e social, facilitando melloras da saúde e a calidade de vida.</p> <p>2. Mantemento da condición física nun ámbito de vida sedentario</p> <p>3. Organizar e participar en actividades físicas como recurso para ocupar o tempo libre e de lecer, valorando os aspectos sociais e culturais que levan asociadas</p>	<p>2.1 Deseña, organiza e participa en actividades físicas, como recurso de lecer activo, valorando os aspectos sociais e culturais que levan asociadas e identificando os aspectos organizativos e os materiais necesarios.</p> <p>2.2 Traballo específico de aspecto lúdico para aliviar o estres e a ansiedade propias do curso</p>	CSC CSIEE CSIEE CM	Si	<p>actitudinal do traballo do alumno, pola súa natureza vivencial dentro do contido do xogo</p> <p>5-Teranse en conta as normas e os mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva na avaliación do punto G/ da programación</p> <p>6-Entrega puntual e a realización do traballo desenvolvido na casa no caso non presencial ou semipresencial</p>
	Actividade física como recurso de lecer activo, fenómeno sociocultural, actividade deportiva con amigos	<p>4.. Resolver situacións motrices deportivas, dando prioridade a toma de decisións e utilizando elementos técnicos apresos na etapa anterior.</p> <p>5. Realizar actividades físico-deportivas no medio natural, demostrando actitudes que contribúan á súa conservación.</p> <p>6. Adoptar unha actitude crítica ante as prácticas sociais que teñen efectos negativos para a saúde individual e colectiva. Hai que ter en conta a acción preventiva da actividade física ante os diversos problemas do deterioro da motricidade dos nosos alumnos. Estes deterioros tales como a obesidade, tabaco, alcohol, estres, etc., levan unha dexeneración do funcionamento do aparello cardiovascular e trastornos no equilibrio corporal</p> <hr/> <p>Valorar a actividade física desde a perspectiva da saúde, a satisfacción, a autosuperación e as posibilidades de interacción social e de perspectiva profesional, adoptando actitudes de interese, respecto, esforzo e cooperación na práctica da actividade física</p>	<p>2. 3Traballar as posibilidades que presentan as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo, e os aspectos relacionados coa saúde que se poden abordar desde a práctica da actividade física</p> <p>2.4 Adopta unha actitude crítica ante as prácticas de actividade física que teñen efectos negativos para a saúde individual ou colectiva, e ante os fenómenos socioculturais relacionados coa corporalidade e os derivados das manifestacións deportivas</p>		Si	

E) Concrecións metodolóxicas que require a materia

Dadas as características específicas do curso 2º de bacharelato establécese unha serie de orientacións metodolóxicas para a materia que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, e consolidación dos estándares por parte do alumnado:

- ♣ Educación Física nestas etapas terá un carácter eminentemente práctico e vivencial.
- ♣ A selección dos contidos e das metodoloxías activas e contextualizadas debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave os criterios ao longo do curso.
- ♣ O uso de estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- ♣ O profesorado deseñará diferentes tipos de tarefas e secuencias adaptadas as necesidades específicas deste curso, Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos o máis ampla posible, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvidas nos últimos tempos en diferentes ámbitos da Educación así como os novos ámbitos da actividade física
- ♣ Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base na descuberta guiada, a resolución de problemas, o traballo por retos e proxectos, e a cooperación, tendo presente o desenvolvemento da creatividade do alumnado.

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman o andamiaxe da asignatura. O alumnado deberá tamén desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre as achegas da Educación Física e o deporte a nosa saúde e ocupación do lecer e o tempo libre. Para iso necesitamos combinar a práctica de actividade física co proceso reflexivo.

Nalgúns aspectos do área, o traballo en grupo colaborativo aporta unha ferramenta perfecta para discutir e profundar en contidos e destrezas fundamentais desta área.

G) Criterios específicos sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Os sistemas de avaliación e instrumentos que se poden utilizar son múltiples, pero os instrumentos que se deseñen deberán estar presentes as actividades seguintes:

- Actividades de tipo conceptual, achega dos contidos teóricos e prácticos.
- Actividades de tipo práctico. Todo tipo de probas ou estándares capaces de medir de forma adecuada a competencia motriz traballada.
- Actividades de tipo actitudinal e de valores (moi importante a parte lúdica, o alumnado debe integrar na súa vida a actividade física como medio de mellora na calidade de vida)

En canto ao «formato» das actividades, pódense utilizar as seguintes:

- Test para avaliar a condición física.
- Fichas de avaliación diaria utilizando diferentes ítems para comprobar o grado de adquisición das diferentes habilidades motrices individuais ou capaces de avaliar actividades grupais.
- Fichas de avaliación e análise que comproben o traballo e o progreso diario.
- Probas obxectivas tipo test.
- Probas obxectivas escritas: cuestións nas que hai que xustificar as respostas ou/e resolución de exercicios e problemas.
- Actividades e exposicións orais.
- Traballos escritos ou sobre algún contido específico da unidade (individuais, en parellas ou en grupo).
- Actividades de reflexión e comprensión de textos.

PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de avaliación non se modifican dos detallados na programación, xeral de E.F. pero neste apartado cabe recordar que a cualificación sairá dunha media ponderada que se establecerá en base a tres apartados de maneira porcentual.

Queremos deixar constancia neste apartado dunha serie de normas que son necesarias cumprir para poder optar á superación dos criterios de avaliación da materia. A distribución das porcentaxes é a seguinte, tendo en conta o aspecto lúdico e de creación de

hábitos que ten parte dos contidos.

FERRAMIENTAS DE EVALUACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN
	2º BACH
Ferramentas de avaliación dos estándares vinculados a práctica	30,00%
Probas dos estándares vinculados a parte conceptual	10,00%
Evidencias dos estándares de aprendizaxe vinculados a Actitude, traballo diario normas aspectos lúdicos e saúde	60,00%
Cualificación total	100%

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA .

- Superación das probas teóricas e prácticas en cada trimestre. Nas probas practicas @s alumn@s terán que acadar os mínimos establecidos na programación para cada bloque de contidos, que estarán expostas no corcho do pavillón, pero e importante o criterio da mellor realización segundo as posibilidades de cada alumn@: avaliación con respecto a un mesmo.
- Presentación dos traballos teóricos dos días que non poidan realizar actividade física.
- Asistencia. A realización práctica das sesións de clase, ou no seu caso, das actividades alternativas que se expoñan por circunstancias especiais, é un elemento ao que se lle prestará especial atención como criterio de avaliación.
- Puntualidade. A puntualidade na incorporación á clase é un criterio de avaliación que será tido moi en conta pola implicación directa que ten no normal desenvolvemento da mesma.
- Debido ás implicacións que ten por seguridade, hixiene e adecuación, será criterio de avaliación: traer roupa e calzado deportivo axeitados para a práctica da actividade física.
- Atender as indicacións e explicacións do profesor, tendo unha actitude receptiva para o desenvolvemento das distintas tarefas
- Participación activa nas actividades de clase. Cunha actitude e predisposición adecuadas, e nas que o esforzo persoal será o valor máis importante.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO NAS CLASES

- **PUNTUALIDADE.** Os profesores pasarán lista 5' despois de que toque o timbre, tendo que estar @s alumn@s coa roupa necesario para traballar na clase de Educación Física.

Pasarase lista e aquel alumno que non estea poráselle o correspondente retraso,

- **ASISTENCIA AS CLASES.** Todas as faltas de asistencia deberán ser xustificadas o primeiro día que o/a alumno/ se incorpore as clases ao titor / titora, ou por ABALAR

O Alumnado que por algunha razón xustificada un día non podan realizar actividade física pero que asistan a clase, realizarán un TRABALLO durante a clase. Entregarano ao remate da clase. A **asistencia e traer a roupa axeitada** é obrigatorio, polo que as faltas sen xustificar terán a seguinte sanción:

- o Primeira: 0.5 puntos menos da nota final nesa avaliación.

- o Segunda: 1 punto menos da nota final nesa avaliación.

- o Terceira: suspenso na avaliación.

Faltas xustificadas: será necesario presentar (non entregar) o xustificante ao profesor de Educación Física no prazo dunha semana tras a falta, senón considerárase como non xustificada.

- **ABANDONO DAS CLASES** En ningún momento durante a clase un/ha alumno/a pode ausentarse sen ter o permiso do profesorado.

- O alumnado que teña o pelo longo terá que lévalo recollido.

En calqueira caso, a roupa deportiva deberá ser cómoda para facilitar a actividade física. O acudir á sesión sen a roupa deportiva adecuada será motivo de sanción do seguinte xeito:

- Primeira (pódenos pasar a todos), non ocorre nada

- Segunda e terceira vez: 0,25 menos, cada unha, sobre a nota final da avaliación

- Cuarta vez (significa un deixamento total cara á materia) : supón o suspenso na avaliación, e seguirase o descrito no NOF

- **MATERIAL.** Os alumnado colaborarán no transporte e colocación do material necesario nas clases. Este curso seguirase o criterio marcado no protocolo

- **RESPECTO AO PROFESORADO E ÁS/AOS COMPAÑEIRAS/OS.**

Para manter o respecto que todos nos merecemos, non se poden dicir palabrotas (será oportunamente sancionado). Terase moi en conta o trato correcto entre os compañeiros, non se tratará a ninguén con desprezo ou usando frases ofensivas.

- PARTICIPACIÓN ACTIVA E POSITIVA NAS ACTIVIDADES DE CLASE.

- EXECCIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA. Aqueles/as alumn@s que por motivos de saúde non poidan realizar actividade física durante todo o curso ou ben durante un tempo, deberán presentar o correspondente **XUSTIFICANTE MÉDICO**. Unha vez entregado terán que asistir as clases e realizar DIARIOS OU TRABALLOS TEÓRICOS. Tamén farán as probas teóricas correspondentes a cada trimestre tendo que acadar os mínimos expostos na programación de Educación Física na súa parte teórica, así como participar naqueles contidos que sexan adecuados para eles.

Estas normas estarán incluídas como un criterio máis dentro dos mínimos para unha avaliación positiva.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Utilizaremos como indicadores para decidir a promoción de curso dos alumnos e alumnas os seguintes:

1. Ter presentado, dun xeito aceptable todos os traballos encargados ao longo do curso no soporte axeitado a cada curso.

2. Ter entregados e ao día todos os traballos e as fichas e anotacións que sinalara o profesorado.

3. Ter asistido a toda as sesións de clase, aínda que non se poida facer a práctica, neste caso terá que entregar o traballo realizado en cada sesión. Xustificando debidamente enfermidades ou lexións.

- 4• Realizar todas as probas dos diferentes bloques de contidos, sulñando que se debe ter acadado unha progresión individual suficiente.

- 5-Cumplir as normas de funcionamento expostas nas primeiras clases en canto a puntualidade, roupa e material axeitado, comportamento, actitude activa e positiva, respecto, superación das probas teóricas e prácticas, etc.

Aqueles alumnos e alumnas que non cumpran estes requisitos na avaliación de ordinaria de xuño, terán que ir á avaliación extraordinaria de xuño, da que se fala no ANEXO

H) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Os indicadores de logro que se van a avaliar no proceso do ensino serán:

1. Temporalización das unidades didácticas
2. Desenreolo dos obxetivos didácticos
3. Manexo dos contenidos da unidade
4. Descriptores e desempeños competencias
5. Realización de tarefas
6. Estratexias metodolóxicas seleccionadas
7. Recursos
8. Claridad nos criterios de avaliación
9. Uso de diversas ferramentas de avaliación
10. Evidencias dos estándares de aprendizaxe
11. Interdisciplinabilidade

I / Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Sendo unha nova materia, non hai alumnos pendentes. En todo caso seguirase o funcionamento recollido na programación do departamento

J) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Debido as características da asignatura, no se pode dar este caso

K) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

E moi importante a descrición do grupo logo da avaliación inicial e coñecer o alumnado que ten interese en presentarse as probas do INEF para poder traballar o bloque 1 de contidos deste curso. O traballo co Bloque 2 non require estado inicial de xeito tan importante.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento achega do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información achega de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos

- Identificar aos alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, ubicación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos destes estudantes.

L) Medidas de atención á diversidade

Dada as características da asignatura, a progresión do alumno segunda súas capacidades, é parte dos criterios a avaliar, polo que a atención a diversidade basease nese concepto. Por riba os alumnos que teñen esta materia son alumnos con una boa competencia motriz, polo que a diversidade e menor

M / Concreción dos elementos transversais que se traballarán

Seguirase o mesmo ca na programación de departamento

N / Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico

Dadas as circunstancias do curso non prevemos facer actividades extraescolares.

Se a situación sanitaria e social mellorase poderíase solicitarse a inclusión dalgunha actividade complementaria puntual , obviamente pasando polo Consello Escolar. As actividades complementarias quedarán un pouco no aire ao non ter clara os requisitos organizativos para as mesmas pero tentaremos se e posible cara a final de curso facer algunha saída ao entorno natural:

- **2º BACH Actividade no mar ou no río**

O) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellor

Seguirase os mesmos criterios que na programación de departamento

REFERENCIAS LEGAIS.-

O presente documento contén o desenvolvemento do currículo establecido de cada materia asignada ao Departamento didáctico segundo a RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23. e a ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia

Asinado:

José Antonio Portos Mato Beatriz González Senín Santiago Vázquez Vázquez

ANEXO : AVALIACIÓN FINAL NA ESO E EXTRAORDINARIA NO BACHARELATO

Segundo a ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, e calendario de fin de curso aprobado polo Consello Escola do IES Isaac Díaz Pardo

Para a ESO:

- 5 ao 9 de xuño márcase como data de realización da terceira avaliación .
- 22 ao 29 de xuño, márcase como data de realización da avaliación ordinaria.

Para 1º de bacharelato:

- 5 ao 9 de xuño márcase como data de realización da avaliación ordinaria.
- 19 ao 21 de xuño, márcase como data de realización da avaliación extraordinaria.

Esta nova temporalizade abre un marxe de tempo, que fai que se determine que , sexa adicado a preparación e realización de probas , extraordinarias, actividades de apoio e reforzo, recuperación, ampliación e titorización.

Tendo en conta a legalidade, este departamento propón as seguintes modificacións :

1. As sesións que abranguen os periodos determinados pola normativa, serán agrupadas nunha temporalizade de unidade didáctica que terá características de **reforzo** , para aqueles alumnos que na **ESO**, adquirisen a data de 6 de xuño os aprendizaxes requeridos para superar a materia ; e características de **recuperación** para aqueles alumnos que non adquirisen os aprendizaxes ou presenten carencias , que non os fai aptos de superar a materia no periodo ordinario.
2. As sesións que abranguen os periodos determinados pola normativa, serán agrupadas nunha temporalizade de unidade didáctica que terá características de **reforzo** , para aqueles alumnos que no **bacharelato** , adquirisen a data de 6 de xuño os aprendizaxes requeridos para superar a materia ; e características de **recuperación** para aqueles alumnos que non adquirisen os aprendizaxes ou presenten carencias , que non os fixeron aptos de superar a materia no periodo ordinario.
3. Para cada un dos cursos as UD que se impartirán serán ás seguintes :
 - 2º ESO: Unidade didáctica de multideporte e saude.
 - 4º ESO: Unidade didáctica de multideporte e saude.
 - 2º Bacharellato: Unidade didáctica de multideporte e saude
4. Como referentes de avaliación para cada un dos cursos, elexiránse , os **estándares de aprendizaxe** ,que son considerados **básicos e imprescindibles** para que o alumnado que presenta carencias ou non esta en disposición de superar a materia no periodo ordinario; teña a posibilidade de recuperación e superarla. Esta selección de estándares amosarase para cada un dos cursos, e a súa superación permitirá que o alumno poda iniciar a materia do curso seguinte , de ser o caso, con garantías .
5. Como **procedimiento** de avaliación empregaráse a observación sistemática das

actividades e as probas de execución propostas nas sesións da unidade didáctica. Como **instrumento** de avaliación empregarase unha rúbrica que permita verificar as aprendizaxes relacionadas cos estándares traballados.

A continuación detállanse os estándares que se traballarán para cada un dos cursos:

CURSO	ESTÁNDARES AVALIABLES	PONDERACIÓN
2º ESO	<p>1.4.1/ 1.4.2/1.4.3</p> <p>3.1.1 /3.1.2/ 3.1.3/3.1.4/3.1.6/3.2.4</p> <p>4.1.1/ 4.1.2/4.1.4/4.1.5 4.2.1/4.2.2/ 4.2.3</p>	<p>MEDIA</p> <p>ARITMETICA</p> <p>(100%)</p>
4º ESO	<p>1.3.1/ 1.4.1/ 1.4.3</p> <p>2.1.1/2.1.2/ 2.1.3</p> <p>3.1.1/3.1.2/ 3.1.3</p> <p>4.1.1/ 4.1.2/ 4.1.5/ 4.2.1/ 4.2.2/ 4.2.3</p>	<p>MEDIA</p> <p>ARITMETICA</p> <p>(100%)</p>
2º BACHARELATO	<p>1.3</p> <p>2.1 /2.4</p>	<p>MEDIA</p> <p>ARITMETICA</p> <p>(100%)</p>

